

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Jocelyn
de Kwant,
Clare
Owen



NATURALEZA CREATIVA: 365 DÍAS DE VIDA MINDFULNESS. Cúpula, 2020.

A natureza está infestada de virtudes, mais cada canto che paras a admirar o ceo nocturno, cheirar os aromas dunha árbore ou observar as criaturas que están ao teu arredor? Aquí atoparás 365 actividades que che axudarán a estar máis conectado coa natureza e achegarán sinxelos praceres ao teu día a día, combinando o mindfulness, a creatividade, a curiosidade botánica e a vida ao aire libre, con estimulantes propostas para meditar, mirar, aprender ou facer.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Lugo, Pontevedra](#)

LA ESCUELA EN TIEMPOS DEL CAMBIO CLIMÁTICO.
Laertes, 2021.

Un libro ordenado e ben estruturado en tres partes que mostra os novos retos aos que se enfrenta a escola na sociedade actual. Fai unha exposición dos fitos máis importantes da historia da nosa educación, e expón unha serie de propostas institucionais e docentes para mellorar as prácticas educativas. Un ensaio interesante e dun valor moi notable, dirixido tanto a docentes e institucións educativas como ao público en xeral.



Pío Maceda
Granja


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)



J.M. Pérez,
T. Esquivel,
I. Guevara
(eds.)



EDUCACIÓN AMBIENTAL DE MAESTROS PARA MAESTROS. Editorial DYKINSON, 2023.

Este libro inclúe propostas didácticas dirixidas ás etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, elaboradas por estudantes de Maxisterio da Facultade de Formación de Profesorado e Educación da Universidade Autónoma de Madrid, co obxectivo de promover un ensino da Educación Ambiental desde unha perspectiva Ecosocial. Expresando a través das súas obras estes conceptos, ideas e sensacións e como a E.A. pode incorporarse no seu proceso de traballo coa sociedade. Este documento é un reflexo desta relación e do seu potencial para a transición ecosocial que necesariamente hai que levar a cabo.

Descárgao en



<https://bit.ly/3n6HeM7>

GUÍA PARA LA ELABORACIÓN DE PLANES DE ADAPTACIÓN AL CAMBIO CLIMÁTICO EN ESCUELAS. Seo/BirdLife, 2021.

Esta guía forma parte do proxecto 'Escolas Naturais polo Cambio', que ten como obxectivo incorporar á comunidade educativa como axente activo na loita contra o cambio climático e impulsar e apoiar a acción climática no ámbito local a través das escolas. Ofrece ferramentas e recursos aos centros educativos que queiran embarcarse nun proxecto de adaptación ao cambio climático nos centros de ensino. Baséase na experiencia de tres escolas que gañaron un concurso impulsado por SEO/BirdLife e executaron case a totalidade dos seus proxectos no curso 2020-2021.



Ana B.
García,
Laura
Benítez

Descárgao en



<https://bit.ly/3L00BmK>



CERAI



YO CONSUMO CON CONSCIENCIA Y SIEMBRO ESPERANZA: LA MALETA PEDAGÓGICA. CERAI, 2015.

Este material forma parte da campaña 'Somos lo que comemos' do Centro de Estudios Rurales y de Agricultura Internacional (CERAI) e pretende achegarnos á importancia dun consumo alimentario responsable desde a infancia. O proxecto busca: «concienciar e implicar á cidadanía en xeral e a comunidade educativa en particular, na mellora da situación social das poboacións campeñas, no desenvolvemento e posta en marcha de modelos de consumo consciente e responsable baseados na soberanía alimentaria». Parte de catro grandes categorías: Saúde, Comercio Responsable, Ciencia e Cultura e Biodiversidade e Medio Ambiente.


Descárgao en



<https://bit.ly/3ACu4K0>

CENTROS EDUCATIVOS TRANSFORMADORES. TRAZOS E PROPOSTAS PARA AVANZAR. FUNDACIÓN INTERED, 2018.

Esta publicación busca animar ao profesorado e á comunidade educativa para que os centros escolares sigan avanzando para converterse en Centros Educativos Transformadores. Nas súas páxinas ofrécense os fundamentos teóricos que sustentan a proposta da Educación Transformadora para a Cidadanía Global, así como un listado deses «rasgos» ou elementos definitorios organizados en tres bloques que afectan á vida dos centros escolares: a cultura do centro, as prácticas que se levan a cabo e as políticas.



Alejandra Bon, Begoña Arias.

Descárgao en



<https://bit.ly/3LCE6Rt>



CEACV



BIODIVERSIDAD EN EL HUERTO. Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2023.

Cada vez é máis evidente que a biodiversidade, a súa conservación e o seu bo estado, é fundamental para a nosa calidade de vida, a nosa saúde e a opción de dispoñer de recursos naturais. Para iso é necesario establecer procesos de coñecemento e respecto comezando pola infancia. Para que cheguen a apreciala e respectala, é moi recomendable dispoñer de materiais e actividades que permitan dar a coñecer esta biodiversidade próxima, así como as interaccións que ten connosco.

Descárgao en



<https://bit.ly/41NuGlq>

A LINGUAXE DAS PLANTAS : OS SERES MÁIS FASCINANTES DO PLANETA. Baía, 2022.

Que pasaría se as plantas tivesen súper poderes dos que nada sabemos? Podería ser que sexan as donas do mundo? Cando miras para as plantas e as árbores seguramente dirás: moi bonitas, pero un pouquiño aburridas. As plantas nin andan nin falan e aínda por riba non fan nada cando as arrincamos, cortamos e cando lles prendemos lume. Pero sabemos o que facemos? Hai moitos científicos recentes que poñen patas arriba a nosa percepción tradicional das plantas e das árbores. Agora non só sabemos que se interesan polo mundo que as rodea, senón que reaccionan ante el. Ademais, comunícanse de xeitos que quen nos dera aos humanos!



Helena Haraštová,
Darya Beklemesheva

En préstamo en:



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#), [Santiago](#)

Laura Brand,
Freya Hartas



CON CALMA, AQUÍ Y AHORA: MÁS HISTORIAS DE LA NATURALEZA.

Flamboyant , 2023.

Un novo título da serie "Con calma" para deterse, contemplar e abraiarse coas pequenas cousas. Ao noso ao redor, sen darnos conta, a natureza fai marabillas. Trata de facer unha pausa no teu atarefado día a día e céntrate no aquí e o agora. Presta atención aos pequenos milagres do mundo natural: observa como un fungo, a estrela de terra, explota baixo a choiva, ou como as abellas arrefrían o mel, déixate cativar polo colibrí mentres toma uns sorbos de doce néctar...


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#)

A VECES EL BOSQUE... Akiara Books, 2023.

Ás veces o bosque canta e é canción. Outras, dorme. Ás veces o bosque soña con lume ou inventa a choiva e os paraugas. O bosque ás veces chancea. Ás veces, imaxina que es un xigante. Un libro para ler na cortiza das árbores e nos misterios da túa ollada. Recomendado para nenos e nenas que reflexionan, observan e coñecen e tamén os aventureiras/os que queren descubrir que hai máis aló do que ven a primeira ollada.



Alex Nogués
Otero,
Ina Hristova

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Públicas: [A Coruña](#)



BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>